



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O INSTITUTO CERVANTES

A progresiva internacionalización de Galicia en todos os campos, tamén no cultural, obriga a realizar novas actividades e a establecer novas alianzas e socios colaboradores.

Se na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a referencia ao galego no exterior se circunscribía a lles garantir aos emigrantes galegos o acceso aos servizos culturais e lingüísticos na lingua galega e a protexer a lingua galega falada en territorios limítrofes da comunidade autónoma, o Plan de normalización lingüística de 2004 xa lle dedica un sector específico ao desenvolvemento, difusión e promoción do noso idioma no exterior.

Os obxectivos que se marcan son, entre outros, os seguintes: apoiar institucionalmente o uso e a promoción do galego nas comunidades de fóra de Galicia nas que se emprega, impulsar a proxección da lingua e da literatura galega fóra de Galicia como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego e apoiar a acción cívica dos emigrantes e desprazados dirixida a conservar o uso da lingua e a manter a conexión coa realidade cultural de Galicia.

No artigo 14 do Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, atribúeselle á Secretaría Xeral de Política Lingüística a función de “planificar e desenvolver campañas e medidas de fomento do uso, coñecemento e difusión do galego dentro e fóra do territorio lingüístico galego”.

Obxectivos

A Consellería de Cultura e Turismo ten entre os seus obxectivos a proxección e a promoción de Galicia no exterior a través da súa lingua propia e da cultura galega.

Achegar as persoas de diferentes países de todo o mundo a Galicia a través da lingua e da cultura non debe verse só como un interese polo coñecemento dun pobo e as súas tradicións, senón tamén como unha oportunidade para o crecemento e o desenvolvemento económico e social do país.





Nesta tarefa, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, intenta colaborar e cooperar con diferentes axentes, tanto públicos coma privados, con intereses coincidentes e que manifestan unha especial sensibilidade cara a Galicia. Por esta razón, a Secretaría Xeral de Política Lingüística participa en diferentes redes de promoción de linguas minoritarias, como a NLPD ([Network to Promote Linguistic Diversity](#)); e mantén relación con universidades de 15 países, o que lle permite ter unha rede de 35 centros de estudos galegos, manter lectorados e ensinanza do galego e da cultura galega ou participar no ensino regrado no Instituto Español Vicente Cañada Blanch en Londres, onde oferta a materia de lingua e cultura galega.

Nesta liña de abrir canles de cooperación con aquelas institucións que nos permitan traballar na consecución desta competencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou no mes de novembro de 2013 un protocolo xeral de colaboración co Instituto Cervantes en cuxa cláusula primeira se determina que ten como finalidade establecer as bases de colaboración para o desenvolvemento de cantas accións e actividades teñen encomendadas ambas institucións relacionadas cos seus fins, especialmente no ámbito da lingua e da cultura.

Como desenvolvemento e execución do citado protocolo, as dúas partes asinan no mes de setembro de 2016 un convenio específico de colaboración co Instituto Cervantes, cuxo punto VI establece que as partes están interesadas en establecer as bases de cooperación co fin de que os lectores de galego destinados en universidades estranxeiras sitas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes poidan colaborar con estes na realización de accións formativas de lingua, literatura e cultura galegas, así como noutras actividades a prol da promoción e da divulgación do coñecemento da lingua galega, con atención preferente á tradición literaria da comunidade galega.

Entendemos que é unha oportunidade que os nosos mozos e mozas poidan completar a súa formación nos diferentes centros do Instituto Cervantes no mundo e que o propio Instituto Cervantes poña á disposición da ensinanza da lingua e da cultura galega os medios materiais e humanos precisos para iso.

Para a Secretaría Xeral de Política Lingüística asociarnos ao Instituto Cervantes é un feito importante porque nos permite contar cunha extensa rede en todo o mundo para a divulgación de Galicia, cun público e cunha clientela xa asentada, cun prestixio





recoñecido e cuns medios materiais, humanos e mesmo financeiros que poden contribuír de maneira importante ao noso obxectivo de divulgar o coñecemento da lingua e da cultura galega.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística quere subscribir este convenio co obxectivo de que as sedes do Instituto Cervantes poidan servir de plataforma de formación e divulgación para que os profesores lectores de galego seleccionados pola Consellería e destinados a universidades estranxeiras ubicadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes, poidan desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, así como colaborar noutras actividades conxuntas en favor da promoción da lingua e a cultura galegas.

A subscrición do presente convenio non implica a transferencia de recursos da Consellería ao Instituto Cervantes; o gasto relativo as retribucións dos lectores xa está contemplado no orzamento de gastos da Consellería para o exercicio 2019 e comprometido para os sucesivos.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

